Nome e apelidos	DNI
JOSE SEIJO BRAÑA	33*****9A

PRAZA Nº7 SUBALTERNO CASA DA CULTURA:

Nome e apelidos	DNI
JESUS NOVO COBELAS	33*****9Y

TERCEIRO.- Notificar aos aspirantes propostos esta Resolución coa súa obriga de achegar os documentos que figuran na base novena das bases xerais no prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma deducirase que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, e non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación, tal e como figura en dita base.

Cospeito, 26 de decembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Armando Castosa Alvaríño.

R. 4187

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 26/2024 SC 03/2024), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 25/10/202 por importe de 81.119,26 €, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

APLICACION ORZAMENTARIA	DESCRIPCION	EXPEDIENTE MUNICIPAL	CONCEPTO	IMPORTE
453.619	Estradas: Outras inversións nova infraestrutura e ben de uso xeral.	460/2024	Humanización acceso Fondo de vila	81.119,26
TOTAL				81.119,26

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

APLICACION ORZAMENTARIA	DESCRIPCION	IMPORTE
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	81.119,26
TOTAL		81.119,26

Folgoso do Courel, 26 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 4188

A FONSAGRADA

Anuncio

EXPT.1186/2024.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE A FONSAGRADA.

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data 31 de outubro de 2024 a Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de A Fonsagrada, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 257 de 07/11/2024. Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de A Fonsagrada, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; co seguinte teor literal:

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE A FONSAGRADA

Artigo 1. Fundamento legal

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao

disposto no artigo 59 e os artigos 60 a 77 e Disposición Transitoria Décimo oitava do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a regulación do Imposto sobre Bens Inmóbles, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 60 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, no Real Decreto 417/2006, de 7 de abril polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e no artigo 8 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. Será igualmente de aplicación o disposto nas disposicións de rango legal ou regulamentario ditadas en desenvolvemento da devandita Lei nas que non existe na presente Ordenanza Fiscal tratamento pormenorizado.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

Artigo 2. Feito Impoñible

O feito impoñible do Imposto sobre Bens Inmóbles está constituído pola titularidade sobre os bens inmóbles rústicos e urbanos e sobre os bens inmóbles de características especiais, dos seguintes dereitos:

1. De concesión administrativa sobre un ben inmóble ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos;
2. Dun Dereito Real de superficie;
3. Dun Dereito Real de usufruto;
4. Do dereito de propiedade.

A realización dun dos feitos impoñibles descritos no parágrafo anterior, pola orde establecida, determinará a non suxeición do inmóble ás seguintes modalidades previstas.

Terán a consideración de bens inmóbles rústicos, bens inmóbles urbanos e bens inmóbles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro inmobiliario.(Artigos 6 ao 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo. E en relación cos bens inmóbles de características especiais, o artigo 23 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario).

Artigo 3. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto. En virtude do artigo 39 do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no caso en que resulte acreditado documentalmente que, o suxeito pasivo do imposto non coincide con ningún dos titulares catastrais que figuran no Padrón do exercicio correspondente, ou ben que aínda que coincide cun titular que figura no Padrón, faino por un dereito distinto ao que determina a suxeición ao imposto sobre bens inmóbles, as entidades que xestionen o citado imposto sobre bens inmóbles estarán obrigadas a remitir á Xerencia ou Subxerencia do Catastro que sexa competente, por razón do ámbito territorial en que se atopen localizados os bens inmóbles afectados, información sobre as rectificacións que acordasen como consecuencia da emisión de listas comprobatorias, documentos de ingreso e xustificantes de pago.

Dita información remitirase mensualmente, antes do día 20 do mes posterior á data en que se practiquen as liquidacións que correspondan.

No caso de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmóble de características especiais, será substituto do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do Imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

O substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 4. Garantías.

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impoñible deste imposto, os bens inmóbles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 79 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Artigo 5. Responsables

Nos casos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impoñible, os bens inmóbles obxecto dos devanditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral

Tributaria. A estes efectos, os Notarios solicitarán información e advertirán aos comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmóbles asociadas ao inmovible que se transmite.

Responden solidariamente da cota deste Imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 6. Supostos de non Suxeición

Non están suxeitos a este Imposto:

a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.

b) Os seguintes bens inmóbles propiedade dos Municipios en que estean enclavados:

- Os de dominios públicos afectos a uso público.

- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmóbles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

- Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 7. Exencións

SECCIÓN PRIMEIRA. Exencións de Oficio

Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmóbles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmóbles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxemento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

Sección Segunda. Exencións de carácter rogado

Previa solicitude do interesado, estarán exentos:

a) Os bens inmóbles que se destinen ao ensino por Centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de Concerto educativo, en canto á superficie afectada ao ensino concertado. Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no Rexistro Xeral a que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da devandita Lei.

Esta exención alcanzará aos bens urbanos situados dentro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios e conxuntos históricos, globalmente integrados neles, que reúnan as seguintes condicións:

1. En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de plan urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

2. En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Plan para o Desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, de 25 de xuño.

c) A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitos a proxectos de ordenación ou Plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de quince anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

Establécese unha exención do Imposto, a favor dos bens dos que sexan titulares os Centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos devanditos Centros.

A concesión da exención requirirá a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a titularidade do mesmo polo Centro sanitario, e a súa afección directa aos fins sanitarios dos devanditos Centros.

Gozarán así mesmo de exención:

(a) Os inmobles de natureza rústica, cuxa cota líquida sexa inferior a 3,00 €. A estes efectos, tomarase en consideración a cota agrupada que resulte de reunir nun só documento de cobro todas as cotas deste Imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos nun mesmo Municipio, de acordo co disposto no artigo 77.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

(b) Os inmobles de natureza urbana, cuxa cota líquida sexa inferior a 3,00 €.

Artigo 8. Base imponible

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ao disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 9. Base liquidable

A base liquidable será o resultado de practicar na base imponible a redución, que no seu caso, legalmente corresponda.

A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva.

Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmovible, así como dos importes da devandita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste Imposto.

Nos procedementos de valoración colectiva a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do Catastro e recorrible ante os Tribunais Económico-Administrativos do Estado.

Cando se produzan alteracións de termos municipais e mentres non se aprobe un novo Relatorio de Valores, os bens inmobles que pasen a formar parte doutro Municipio manterán o mesmo réxime de asignación de bases impositivas e liquidables que tivesen no de orixe.

Artigo 10. Cota Tributaria

A cota íntegra deste Imposto será o resultado de aplicar á base liquidable tipo de gravame.

A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas na presente Ordenanza.

Artigo 11. Tipo De Gravame.

1. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza urbana serán do 0,65 %.
2. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de natureza rústica serán do 0,40 %.
3. Os tipos de gravame aplicables aos bens inmobles de características especiais serán do 1,30 %.

Artigo 12. Bonificacións

1. Establécense as seguintes bonificacións dentro do imperativo legal contido na lei de facendas locais:

1. Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á súa terminación, sempre que durante ese tempo realícense obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para poder optar a esta bonificación, os interesados deberán presentar unha solicitude, antes do 31 de decembro do ano no que se inicien as obras, coa que se deberá entregar a seguinte documentación:

- 1.1. Escrito de solicitude presentado polo suxeito pasivo.
- 1.2. Copia do recibo do imposto sobre bens inmobles correspondente ao inmovible ao que se refire a solicitude. No caso no que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia do Catastro de Lugo, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
- 1.3. Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, na que mse indique a data de comezo das obras
- 1.4. Documentación acreditativa de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado: Célula de cualificación provisional no caso de VPO ou fotocopia compulsada do último balance de situación presentado ante Facenda.
- 1.5. Documentación pola que se acredite que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria, o cal farase mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade ou declaración de alta no imposto de actividades económicas.

A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo seguinte ao inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos seguintes, presentando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos establecidos.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da respectiva comunidade autónoma.

Esta bonificación concederase a pedimento do interesado, e producirá efecto dende o período seguinte a aquel no que se solicite, e a súa duración finalizará aos tres anos da cualificación definitiva. Para ter dereito a esta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- 2.1. Escrito de solicitude da bonificación, na que se indique o ben inmovible;
 - 2.2. Certificación dos datos catastrais do ben inmovible;
 - 2.3. Certificado de cualificación de vivenda de protección oficial;
 - 2.4. A escritura ou nota simple rexistral do inmovible
3. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, da recarga do imposto a que refírese o artigo 153 desta lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

Artigo 13. Bonificacións potestativas dispostas pola Corporación

1. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular de familia numerosa, sempre que o ben inmovible constituía a vivenda habitual do suxeito pasivo e acrediten a súa situación de risco de exclusión social.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar unha solicitude solicitude anual antes do 31 de decembro para a súa aplicación no exercicio seguinte no que se pretenda que produza efectos. Coa mesma, deberá presentarse a seguinte documentación:

- 3.1. Escrito de solicitude da bonificación, na que se indique o ben inmovible;
- 3.2. Certificación dos datos catastrais do ben inmovible;
- 3.3. Título de familia numerosa expedido polo órgano competente;
- 3.4. Certificado de empadramento de convivencia do suxeito pasivo, referido á situación existente á data de solicitude, no que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita a bonificación.
- 3.5. Informe dos servizos sociais municipais en relación á situación de risco de exclusión social

Anualmente, revisaranse as circunstancias anteriormente ditas aos efectos de determinar se se continúa coa aplicación da bonificación.

Artigo 14. Período impositivo e devindicación do imposto

O período impositivo é o ano natural, devindigándose o imposto o primeiro día do período impositivo. As declaracións ou modificacións que deban facerse ao Rexistro terán efectividade na devindicación do Imposto inmediatamente posterior ao momento en que se produzan efectos catastrais.

Artigo 15. Xestión

A liquidación, recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, serán competencia exclusiva deste Concello, realizándose conforme ao disposto nos artigos 76 e 77 do Texto Refundido a Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e comprenderán, entre outras, as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos, actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidos ás materias comprendidas neste apartado, fraccionamento da débeda e prazo para o pago voluntario.

Artigo 16. Infraccións E Sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponden en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas disposicións que a contemplan e desenvolven.

Artigo 17. Revisión

Compete ao Concello a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste Imposto, de conformidade co Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL**Única. Modificacións do Imposto**

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmobles aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de A Fonsagrada o 17 de setembro de 2009, e publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 269 do luns 23 de novembro do 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas sinálese outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Fonsagrada, 26 de decembro de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 4189

Anuncio

EXPT.1187/2024 .- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data 31 de outubro de 2024 a Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de A Fonsagrada, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 257 de 07/11/2024. Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de A Fonsagrada, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; co seguinte teor literal:

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE OS VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NO CONCELLO DE A FONSGRADA**Artigo 1. Normativa Aplicable**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co establecido no artigo 15 en concordancia co artigo 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regula neste termo municipal o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, que se rexerá pola

presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 92 a 99 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2. Natureza e Feito Impoñible

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un Tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.
2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causase baixa nos mesmos. Aos efectos deste Imposto, tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos ao imposto:
 - 3.1 Os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ás desta natureza.
 - 3.2 Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 kg.

Artigo 3. Exencións

1. Estarán exentos do Imposto:
 - 1.1 Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
 - 1.2 Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
 - 1.3 Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.
 - 1.4 As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos.
 - 1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro. Trátase de vehículos cuxa tara non é superior a 350 kg e que, por construción, non poden alcanzar en chaira unha velocidade superior a 45 km/h, proxectados e construídos especialmente (e non meramente adaptados) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con mobilidade reducida para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente. A efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.
 - 1.6 Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
 - 1.7 Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.
2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren os puntos 5 e 7 do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Os interesados deberán acompañar á súa solicitude a seguinte documentación:
 - 2.1 No suposto de vehículos matriculados a nome de persoas con mobilidade reducida para o seu uso exclusivo:
 - a) Fotocopia do permiso de circulación.
 - b) Fotocopia do carné de conducir (anverso e reverso).
 - c) Certificado de discapacidade emitido polo órgano competente xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como condutor exclusivo. Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo do Imposto deberá aportar certificado de discapacidade emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo coa súa ficha técnica, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade.
 - 2.2 No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola:

- a) Fotocopia compulsada do permiso de circulación.
- b) Fotocopia compulsada do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.
- c) Fotocopia compulsada da Cartilla de Inscripción Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

Non procederá a aplicación desta exención, cando pola Administración municipal se comprobe que os tractores, remolques ou semirremolques de carácter agrícola dedícanse ao transporte de produtos ou mercadorías de carácter non agrícola ou que non se estime necesario para explotacións da devandita natureza. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase documento que acredite a súa concesión.

Artigo 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 5. Cota

1 Sobre as cotas de tarifa sinaladas no cadro contido no artigo 95.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicaranse os seguintes coeficientes de incremento:

Clase de vehículo	Coefficiente de incremento
A) Turismos	1,32 %
B) Autobuses	1,32 %
C) Camións	1,32 %
D) Tractores	1,32 %
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	1,32 %
F) Outros vehículos	1,32 %

2 Como consecuencia do previsto no apartado anterior, o cadro de tarifas vixente neste Municipio será o seguinte:

Clase de vehículo	Cota en euros
A) Turismos	
De menos de 8 cabalos fiscais	16,66
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	44,99
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	94,96
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	118,29
De 20 cabalos fiscais en diante	147,84
B) Autobuses	
De menos de 21 prazas	109,96
De 21 a 50 prazas	156,60
De máis de 50 prazas	195,76

C) Camións	
De menos de 1000 kg de carga útil	55,81
De 1000 a 2999 kg de carga útil	109,96
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil	156,60
De máis de 9999 kg de carga útil	195,76
D) Tractores	
De menos de 16 cabalos fiscais	23,32
De 16 a 25 cabalos fiscais	36,66
De máis de 25 cabalos fiscais	109,96
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	
De menos de 1000 y máis de 750 kg de carga útil	23,32
De 1000 a 2999 kg de carga útil	36,66
De máis de 2999 kg de carga útil	109,96
F) Outros vehículos	
Ciclomotores	5,83
Motocicletas de ata 125 cm ³	5,83
Motocicletas de máis 125 e ata 250 cm ³	9,99
Motocicletas de máis de 250 e ata 500 cm ³	20,00
Motocicletas de máis de 500 e ata 1000 cm ³	39,98
Motocicletas de máis de 1000 cm ³	79,97

3 Para os efectos da aplicación do referido cadro de tarifas, e a determinación das diversas clases de vehículos, estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario e disposicións complementarias, especialmente o RD 2822/98, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

4 Teranse en conta as seguintes regras:

- 4.1 En todo caso, dentro da categoría de tractores, deberán incluírse, os tractocamiós e os tractores e maquinaria para obras e servizos.
- 4.2 Os todoterreos deberán cualificarse como turismos.
- 4.3 As furgonetas mixtas ou vehículos mixtos adaptables son automóviles especialmente dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de mercadorías e persoas até un máximo de 9 incluído o condutor, e nos que se poden substituír eventualmente a carga, parcial ou totalmente, por persoas mediante a adición de asentos.
- 4.4 Os vehículos mixtos adaptables tributarán como camiós excepto nos seguintes supostos:

- a) Se o vehículo se destina exclusivamente ao transporte de viaxeiros de forma permanente, tributará como «turismo».
- b) Se o vehículo se destina simultaneamente ao transporte de carga e viaxeiros, haberá que examinar cal dos dous fins predomina, achegando como criterio razoable o feito de que o número de asentos exceda ou non da metade dos potencialmente posibles.
- 5 Os motocarros son vehículos de tres rodas dotados de caixa ou plataforma para o transporte de cousas, e terán a consideración, a efectos do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, de motocicletas. Tributarán pola capacidade da súa cilindrada.
- 6 Os vehículos articulados son un conxunto de vehículos formado por un automóbil e un semirremolque. Tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e o semirremolque arrastrado.
- 7 Os conxuntos de vehículos ou trens de estrada son un grupo de vehículos axustados que participan na circulación como unha unidade. Tributarán como camión.
- 8 Os vehículos especiais son vehículos autopropulsados ou remolcados concibidos e construídos para realizar obras ou servizos determinados e que, polas súas características, están exceptuados de cumprir algunha das condicións técnicas esixidas no Código ou exceden permanentemente os límites establecidos no mesmo para pesos ou dimensións, así como a máquina agrícola e os seus remolques.
- 9 As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.
- 10 A potencia fiscal, expresada en cabalos fiscais, establecerase de acordo co disposto no artigo 11.20 do Regulamento Xeral de Vehículos, en relación co anexo V do mesmo.

Artigo 6. Bonificacións

1. Establécese a seguintes bonificación das cota:

1.1 Unha bonificación do 100,00 % a favor dos vehículos históricos, catalogados como tal, segundo os termos previstos no artigo 1 do Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima, na data do devengo do Imposto (1 de xaneiro de cada ano), de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación.

A bonificación prevista no apartado anterior deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións esixidas para o seu disfrute

Artigo 7. Período Impositivo E Dereito De Percepción Do Imposto

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición de vehículos. Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.
2. O Imposto xérase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do Imposto se prorrateará por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e iso desde o momento en que se produza dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Cando cumpra o prorrateo da cota por alta do vehículo, o suxeito pasivo virá obrigado a satisfacer a parte da devandita cota correspondente aos trimestres do ano que restan por transcorrer incluído aquel en o que teña lugar a referida alta.

Cando cumpra o prorrateo por baixa temporal ou definitiva do vehículo, o suxeito pasivo virá obrigado a satisfacer a parte da cota correspondente aos trimestres do ano que transcorresen, incluído aquel no que tivese lugar a referida baixa.

Cando o Concello coñeza a baixa do vehículo antes da elaboración do documento de cobro, o Imposto liquidarase co prorrateo da cota que corresponda.

Cando a baixa do vehículo teña lugar con posterioridade á elaboración do documento de cobro e se fixera efectivo o pago do Imposto, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución da parte da cota correspondente.

Nos supostos de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria a cota será irreducible e o obrigado ao pago do imposto será quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro e nos casos de primeira adquisición o día en que se produza dita adquisición.

Artigo 8. Xestión

8.1 Normas relativas á xestión do tributo

1. Corresponde a este Concello a xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria dos vehículos que, nos correspondentes permisos de circulación, consten domiciliados no Municipio de A Fonsagrada, en base ao disposto no artigo 97 do Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos ou cando estes se reformen, de maneira que altere a súa clasificación aos efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a administración municipal e con carácter previo á súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico autoliquidación a cuxo efecto se cumprimentará o impreso aprobado por este Concello facendo constar os elementos tributarios determinantes da cota a ingresar. Acompañarase:
 - 2.1. Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo;
 - 2.2. Certificado de Características Técnicas;
 - 2.3. DNI ou CIF do suxeito pasivo.
3. A liquidación poderase presentar polo interesado ou polo seu representante. Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma.
4. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración municipal non se comprobe que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago se fixo na contía correcta, deixará constancia da verificación no impreso de declaración.
5. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestionase a partir do Padrón anual do mesmo.
6. As modificacións do Padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacións da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste imposto, e cambios de domicilio.
7. O Padrón do imposto exporase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.
8. O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.
9. Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda fose aboada, iniciárase o período executivo de recadación, o que comporta a xeración dun recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.
10. O recargo será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que fose notificada ao debedor a Providencia de apremio, e do 10% cando se satisfaga a totalidade da débeda e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
11. Non obstante, unha vez abonada a cota do imposto, se algún contribuínte se cree con dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

8.2. Altas, baixas, reformas dos vehículos cando se altera a súa clasificación aos efectos do Imposto, transferencias e cambios de domicilio.

1. Quen soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo deberán acreditar previamente o pago do imposto.
2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ao cobro do Imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pago de todas as débedas polo devandito concepto devengadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.
3. As Xefaturas Provinciais de Tráfico non tramitarán os expedientes, se non se acredita o pago do imposto nos termos establecidos nos apartados anteriores.

8.3. Subtracción de vehículos.

No caso de subtraccións de vehículos, previa solicitude e xustificación documental, poderá concederse a baixa provisional no imposto con efectos desde o exercicio seguinte á subtracción, prorrateándose a cota do exercicio da subtracción por trimestres naturais.

A recuperación do vehículo motivará a continuación da obrigaón de contribuír desde a devandita recuperación.

Para ese efecto os titulares dos vehículos deberán comunicar a súa recuperación á Policía Municipal no prazo de quince días dende a data en que se produza, a que dará traslado da recuperación á oficina xestora do Tributo.

Artigo 9. Réxime de Infraccións e Sancións

Nos casos de incumprimento das obrigaóns establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Única. Modificacións do Imposto

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica aprobada definitivamente polo Pleno do concello de A Fonsagrada o 17 de setembro de 2009 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data do 23 de novembro do 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas sinálese outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Fonsagrada, 26 de decembro de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 4190

GUNTÍN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 278 de 02/12/2024) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 28 de novembro de 2024, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 7/2024, modalidade Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distintas áreas de gasto, como se indica a continuación:

BAIXAS PARTIDAS DE GASTOS

920.12003	22.405,36€
920.12005	8.702,40€
920.12100	15.944,74€
920.12101	19.193,37€
920.160	18.315,06
151.12000	7.623,88€
151.12100	4.239,04€
151.12101	6.362,73€
151.160	4.799,80€

165.13000	20.174,26€
165.160	7.162,40€
TOTAL	134.923,04€

ALTAS PARTIDAS DE GASTO

165.221	80.000,00€
338.227	30.000,00€
170.221	10.000,00€
170.226	5.000,00€
920.226	9.923,04€
TOTAL	134.923,04€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 27 de decembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 4199

NAVIA DE SUARNA

*Anuncio***PRESUPUESTO XERAL EXERCICIO 2025**

Na Intervención desta Entidade Local e conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85, de 2 de Abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encóntranse expostos ó público, a efectos de reclamacións, o Presupuesto Xeral e a Plantilla de Persoal para o exercicio de 2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2024.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, citado e enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións con suxeición ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: Quince días hábiles a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- Órgano ante o que se reclama: Concello Pleno.

Faise constar expresamente que en caso de non presentarse reclamacións, o Presupuesto considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Navia de Suarna, 27 de decembro de 2024.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 4200

Anuncio

O Pleno do Concello de Navia de Suarna, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre partidas de gastos de distinto grupo de función.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sómese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Si transcurrido dito prazo, non se producirán alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

Navia de Suarna, 27 de decembro de 2024.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 4201

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 28 de novembro de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2024.20 na modalidade de crédito extraordinario núm-. 02 por importe de 27.500,00 € financiado con cargo a novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos.

Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 278 de 2 de decembro de 2024.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

Aplicación ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
160.60900	ALCANTARILLADO. -OUTRAS INVERSIONS NOVAS EN INFRAESTRUC.,BENS USO XRAL	15.000,00
160.60900	ALCANTARILLADO. -OUTRAS INVERSIONS NOVAS EN INFRAESTRUC.,BENS USO XRAL	4.000.00
311.22799	PROTECCIÓN DA SALUBRIDADE PÚBLICA. OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	8.500.00
TOTAL INCREMENTO GASTO		27.500,00

Esta modificación financíase con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
290.00	IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS	27.500,00
TOTAL INGRESOS		27.500,00

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2024 queda da seguinte forma:

CAPITULO	DESCRICIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.785.627,41	8.500,00	2.794.127,41

3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00
4.	Transferencias correntes	178.004,08		178.004,08
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	15.000,00		15.000,00
6.	INVESTIMENTOS REAIS	229.061,62	19.000,00	248.061,62
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.860.000,00		3.985.200,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

A Pastoriza, 26 de decembro de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 4191

PORTOMARÍN

Anuncio

Xestión orzamentaria

Expediente: Modificación de créditos núm. 1/2024.

Publicación inicial: BOP Lugo do 4/12/2024.

Trámite: Aprobación definitiva.

Datos da resolución: Acordo do Pleno de 26/12/2024, no que se resollen as alegacións.

Efectos: Aprobación definitiva condicionada ao efectivo transcurso do prazo de información pública, conforme ao previsto no artigo 39.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O texto íntegro do anuncio e actos conexos que foran precisos publicárense na sede electrónica do Concello de Portomarín.

Regulación legal do procedemento: Artigo 169, por remisión do artigo 177 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Portomarin, 26 de decembro de 2024.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 4202

VIVEIRO

Anuncio

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións durante o período de exposición ao público, Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 261 de 12 novembro de 2024, o acordo adoptado polo pleno do Concello de Viveiro en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024 no que se aprobou provisionalmente as modificación das ordenanzas fiscais núm. 37, procédese á publicación íntegra dos textos de ditas ordenanzas, segundo o disposto no artigo 17, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 37

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servizos na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, ben mediante xestión directa do concello ou entidade del dependente, ou indirecta, a través dalgunha das modalidades previstas na normativa sectorial de aplicación.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servizos obxecto desta ordenanza.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria regulada nesta ordenanza será a fixada no cadro de tarifas contidas nas alíneas seguintes, para cada un dos distintos servizos ou actividades.

2.- A tarifa desta taxa será a seguinte:

MODALIDADES	PREZO MENSUAL €	
	ABONADO	EVENTUAL
1. ABONOS (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade igual o superior á 33%)		
Individual	28,8	
Xove	24	
Familiar		
Titular	28,8	
Cónxuxe	4,8	
Fillos(de 3 a 17)	4,8	
Fillos(de 0 a 2)	gratis	
Terceira idade:		
1 membro	20,4	
2 membros	30	
Matinal	21,6	
Abono fin de semana (dende venres ás 14:30h)	18	
2. BONOS E SERVIZOS		
Bonos de cotas:		
10 sesións adulto		36
10 sesións reducido(-16/+60) (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%)		24
Bonos especiais:		
10 sesións estudantes		24
10 sesións desempregados * Validez seis meses (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%)		24

Entradas: Normal		
Reducida (-16/+60) (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%) .		4,8 3
Masaxes. 1 masaxe	15,6	25,2
10 masaxes	108	204
Aluguer calle 1h	18	30
Aluguer bicicletas spinning 1h	2,4	2,4
Sesión actividades sala	3,6	3,6
3. CURSOS DE AUGA		
Iniciación adultos 3 días		
Adultos:		
Iniciación adultos 3 días	20,4	40,8
Iniciación adultos 2 días	15,6	31,2
Medio adultos 3 días	20,4	40,8
Medio adultos 2 días	15,6	31,2
Perfeccionamento adultos 3 días	20,4	40,8
Perfeccionamento adultos 2 días	15,6	31,2
Infantil (3 a 5 anos):		
Iniciación infantil 3 días	15,6	31,2
Iniciación infantil 2 días	12	24
Medio infantil 3 días	15,6	31,2
Medio infantil 2 días	12	24
Perfeccionamento infantil 3 días	15,6	31,2
Perfeccionamento infantil 2 días	12	24
Nenos (6 a 16 anos)		
Iniciación nenos 3 días	15,6	31,2
Iniciación nenos 2 días	12	24
Medio nenos 3 días	15,6	31,2
Medio nenos 2 días	12	24
Perfeccionamento nenos 3 días	15,6	31,2
Perfeccionamento nenos 2 días	12	24
Bebes (0 a 36 meses)		
2 días	12	24
Auga-pilates		
2 días	15,6	31,2
Auga-fitness		
2 días	15,6	31,2
Natación entreno-competición		
2 días	16,8	33,6
4. CURSOS DE SALA		
Aerobic		
3 días	16,8	33,6
2 días	12	24
Spinning		
3 días	24	48
2 días	19,2	38,4
Pilates		
3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8
Fitball		
3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8

loga		
3 días	24	48
2 días	19,2	38,4
Intervalos		
3 días	19,2	38,4
2 días	14,4	28,8
Trideporte (3 días)	18	36
5. CURSIÑOS (QUINCENAS)	PREZO QUINCENA €	
Bonos de verán		
Individual		20,4
Xove		15,6
Familiar		30
3ª idade 1 membro		15,6
3ª idade 2 membros		25,2
Vacacións deportivas	27,6	48
Natación		
Adultos	20,4	40,8
Infantil	15,6	31,2
Neno	15,6	31,2

ARTIGO 6.- DEVENGO E INGRESO DA TAXA

1.- O devengo da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior.

2.- O ingreso da taxa farase efectivo nalgún dos xeitos seguintes:

Abonos e cursos: Pagamento mensual, ingreso en conta, en efectivo ou domiciliación bancaria.

Acceso libre á piscina e servizos puntuais: Ó entrar ó recinto ou ó solicitar o aluguer ou calquera dos servizos puntuais ós que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

ARTIGO 8.- EXENCIÓN, BONIFICACIÓN E BENEFICIOS TRIBUTARIOS.

Están exentas as persoas físicas e xurídicas que, excepcionalmente e por motivos de natureza social ou de interese público, sexan concedidos en virtude de convenio de colaboración, aprobado polo Pleno.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015, 11 de outubro de 2017 e 6 de novembro de 2024, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Viveiro, 27 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4203

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza “Reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro”, aprobada a modificación inicialmente na data 6 de novembro de 2024, resultando aprobada definitivamente en data 26 de decembro de 2024, entrando en vigor de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO

ARTIGO 1. DISPOSICIÓN XERAL.

En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Viveiro de conformidade cos artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a través desta Ordenanza Municipal régulanse os prezos ou tarifas pola prestación dos servizos comprendidos no Ciclo Integral da Auga e outras actividades relacionadas cos mesmos, para o Concello de Viveiro, que se rexeran pola presente Ordenanza non Fiscal Reguladora da Prestación Patrimonial Pública non tributaria polo uso dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais e demais lexislación concordante.

As contraprestacións polo uso dos servizos reguladas na presente ordenanza, que denominaranse xenericamente “*tarifas*” teñen natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (TRLRHL), constituíndo ingreso propio do xestor de ditos servizos de conformidade co que dispón a Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en relación co artigo 289.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de febreiro de 2014.

É imprescindible para garantir o exposto establecer un marco xurídico de regulación dentro do termo municipal, sempre tendo en conta as directrices establecidas na normativa estatal aplicable, na propia da Comunidade Autónoma, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 2.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1 O obxecto da presente ordenanza é regular as tarifas dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, así como outras actividades conexas e complementarias inherentes ao desenvolvemento dos mesmos.

2.2. A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao Concello de Viveiro.

Naqueles casos nos que, de maneira permanente ou transitoria, non se preste a totalidade dos servizos comprendidos no punto 2.1 deste artigo, a presente Ordenanza rexerá só e exclusivamente naqueles termos que sexan de aplicación ao servizo que se estea prestando en concreto.

2.3. Tales servizos xestiónanse de forma indirecta mediante concesión, sendo a empresa concesionaria, a que lle corresponde a titularidade do ingreso, VIAQUA (en diante a concesionaria)

2.4. Constitúe o suposto esixible das tarifas a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, a través das redes municipais, con cantas actividades técnicas ou administrativas complementarias sexan necesarias a ditos servizos.

2.5. A prestación dos servizos, así como a realización das actividades e obras relacionadas co mesmo a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza comportará una contraprestación económica, como tarifa, que percibirá a concesionaria, directamente dos aboados nos termos aprobados polo Concello de Viveiro no contrato de xestión indirecta adxudicado á mesma, e regulados nesta Ordenanza, en aplicación do principio de autofinanciamento do servizo.

Artigo 3.- SERVIZOS PRESTADOS.

3.1 Os servizos que se prestan concrépanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo ou posible, dos servizos e das actividades reguladas na presente Ordenanza, que a continuación se enumeran, e segundo as cotas establecidas no artigo 6:

- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Subministro de auga potable a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.
- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Servizo de evacuación de excretas, augas negras, e augas pluviais e residuais a través da rede de sumidoiro municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función do orixe da auga e a súa carga contaminante.
- Prestación dos servizos técnicos e administrativos complementarios referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional do subministro de auga potable e/ou evacuacións de augas residuais e a súa depuración, así como o mantemento e conservación de elementos necesarios para a prestación dos servizos recollidos neste artigo 3.

3.2. As relacións entre a concesionaria e o usuario nacidas dos servizos virán reguladas polo contrato de subministro e polas disposicións desta Ordenanza, aplicándose no non previsto nas mesmas as normas técnicas que regulen os servizos.

Artigo 4.- CONCEPTO DE TARIFA.

As tarifas e outros dereitos económicos que debe percibir a concesionaria pola prestación dos servizos , teñen natureza de ingreso non tributario. Por este motivo queda expresamente excluída a aplicación da normativa tributaria con respecto á xestión, facturación, cobro e reclamación dos mencionados ingresos.

Artigo 5.-OBRIGADOS AO PAGO.

5.1. Están obrigadas ao pago das tarifas as persoas físicas e xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións que, sendo titulares do uso da finca abastecida, ostente a condición de aboados, é dicir, que sexa titular do contrato ou póliza de abono.

Son igualmente obrigados ao pago, en concepto de clientes, os peticionarios das acometidas, contratos e reconexións.

5.2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de aboadas ou de peticionaria, obrigadas directas a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir o aboadado sobre os ocupantes ou usuarios das fincas beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titular do dereito de habitación o arrendatario , incluso en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto, a concesionaria é allea ás relacións establecidas entre os afectados, limitándose a prestar o servizo solicitado e percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo se establecen nesta norma e no Regulamento do Servizo.

5.3 Igualmente, están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades:

- Cando se trate da concesión de acometida ás redes públicas de abastecemento de auga ou sumidoiro: o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

- Cando se trate de prestación dos servizos de sumidoiro :os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de saneamento , calquera que sexa o seu título, propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

- Cando se trate de prestacións de servizos de sumidoiro e depuración de augas residuais:os propietarios, arrendatarios, ou titulares de calquera dereito de uso de fincas que dispoñan de fontes propias de subministro de auga e que realicen vertidos ás redes de sumidoiro ou estean obrigados a conectar as mesmas.

5.4. En caso de separación de dominio directo e útil, a obriga de pago recae sobre o titular deste último.

Artigo 6.- COTAS

As cotas a satisfacer polo obrigado ao pago, serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:

TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

AUGA

AUGA		TARIFA EUROS
PARA USOS DOMÉSTICOS	Cota de servizo ou mantemento, ao mes	2,11
	Consumo ata 14 m3.(mínimo a facturar), ao trimestre	5,40
	Consumo dende 14 m3 ata 30 m3. cada metro cúbico	0,51
	Consumo dende 14 ata 75 m3., cada metro cúbico	0,54
	Consumo de mais de 75 m3, cada metro cúbico	0,62
PARA USOS INDUSTRIAIS	Cota de servizo o mantemento, ao mes	2,11
	Prezo dl m3 consumido	0,56
CONSERVACIÓN Y RENOVACIÓN DE CONTADORES	Contadores de 13 mm, 15 mm 20 mm, ao mes	0,59
	Contadores de 25 mm y 30 mm, ao mes	1,36
	Contadores de 40 o mais mm, ao mes	4,02

Mínimos trimestrais usos industriais	
a)hoteis, hospedaxes, pensións e sanatorios	49m3
b)cafés ,restaurantes, tabernas e almacens de viños	32m3
c)garaxes particulares, talleres , academias e colexios	27m3
d)tintorerías, panaderías, fábricas de xeo, gaseosas, cines , teatros e fábricas en xeral.	42m3
e)Construcións de obras, garaxe de servizo público e regos	49m3

A tarifa doméstica aplicarase nos usos non tipificados no paragrafo anterior.

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A)Polo servizo da rede de sumidoiro:

“A tarifa a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros , determinarase en función da cantidade da auga , medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto, aplicarase o tipo de 49,33% sobre a facturación total da auga , impostos incluídos. Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación , o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira”

B)Polo servizo de depuración de auga:

	Mín.trimestral	TARIFAS	
		CUOTA €/MES	€/m ³
DOMÉSTICO	14 m3	2,49	0,38
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	4,16	0,50
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	4,16	0,50
GARAXES,TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m3	4,16	0,50
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	4,16	0,50
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	4,16	0,50
Sen auga da rede municipal	14 m3	2,49	0,36

Os consumos aplicables serán os rexistrados no contador, establecéndose uns consumos mínimos aplicables ás tarifas de sumidoiro e depuración , que serán os mesmos que os establecidos nas tarifas da auga.

Nos casos nos que exista unha manifesta diferenza entre o volume de auga de vertido e o liquidado no consumo de auga da rede municipal, ou ao mínimo establecido, aplicarase as medidas correctoras necesarias para liquidar o volume real ou estimado vertido, aplicable aos casos nos que o usuario verte ao sumidoiro augas doutra procedencia distinta do servizo de abastecemento municipal.

Nas anteriores tarifas de auga, sumidoiro e depuración de augas residuais, non está incluído o IVE que, no seu caso, deba devengarse con arranxo á normativa fiscal en vigor.

OUTROS PREZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Establécense as seguintes tarifas cuxos dereitos corresponden directamente ao Concello de Viveiro, polo que serán ingresadas directamente polo usuario na conta bancaria municipal, aplicables respectivamente para o entronque (acometida) e para o contrato (exclúense os cambios de titularidade).

-ENTRONQUE Á REDE DE ABASTECIMENTO POR ACOMETIDA 180,17€

-CONTRATO DE SUMINISTRO (salvo cambio de titularidade) 18,17€

(máis os selos municipais)

-ENTRONQUE Á REDE DE SANEAMENTO POR ACOMETIDA 39,12€

Artigo 7.- MODIFICACIÓN DE TARIFAS

O establecemento ou modificación de tarifas corresponderá ao Pleno da Corporación.

Non obstante ao anterior, a proposta de fixación de tales tarifas corresponderá á entidade concesionaria dos servizos, que deberá presentala coa suficiente antelación e co contido que corresponda.

Artigo 8.-DEVENGO.

8.1 A prestación patrimonial de carácter público non tributario e as tarifas integradas nesta ordenanza se devengaran, nacente a obriga de pago das mesmas do xeito que segue:

a) Para o concepto de dereito de acometida: Cando se outorgue a autorización correspondente.

b) Para os demais conceptos: Cando se inicie a prestación do servizo, devengándose logo da dita prestación de forma periódica o día 1 de xaneiro de cada ano. Cando se inicie a prestación de servizo, poderá esixirse, no seu caso, o depósito previo do seu importe total ou parcial ao solicitar dita prestación. Entendese iniciada esta, no momento que se produza a alta no servizo.

c) A obriga de contribuir pola conservación e renovación de contadores nace dende o momento da súa solicitude polo usuario, tendo en todo caso carácter voluntario.

d) Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para todas as fincas dos municipios que teñan fachada a ruas, prazas ou vías públicas en que existan alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cincuenta metros, sendo obrigatorio o pago das tarifas aínda cando non se proceda a efectuar acometida á rede.

8.2. O período de imposición e pago será o do ano natural ou o específico que establece esta Ordenanza na disposición final terceira, salvo nos casos de altas no servizo nos que o período de pago abarcará dende a data de alta ata o 31 de decembro de dito ano ou finalización do período impositivo específico, e nos supostos de baixas, no que comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o día da presentación da baixa.

8.3. En todo caso, o devengo se producirá con independencia de que se obtivera ou non as autorizacións pertinentes, ou se subscribiran os contratos preceptivos, e sen prexuízo da iniciación dos expedientes administrativos que se deban instruír para a súa autorización e esixencia das responsabilidades que procedan.

8.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa ratearase por días naturais.

Artigo 9.- PERIODICIDADE DE FACTURACIÓN E PRAZOS DE PAGO.

9.1. A facturación terá unha periodicidade trimestral, realizarase a través da empresa concesionaria nun recibo, no seu caso conxunto con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como a taxa de lixo, cánons autonómicos etc.. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.

9.2. A facturación practicada en virtude desta ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución de alcaldía.

As facturas remitiranse pola concesionaria ao domicilio do subministro salvo que o aboado ou obrigado ao pago designase por escrito e con suficiente antelación un domicilio distinto, ou salvo que a petición do obrigado ao pago, ou por imposición legal, proceda facturación electrónica, en cuio caso, as facturas remitiranse por correo electrónico na conta indicada polo aboado ou obrigado ao pago ou notificaranse como dispoña a lexislación aplicable, ou estarán dispoñibles na páxina web da concesionaria.

9.3 No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o aboado ou usuario virá obrigado a presentar ante a concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.d), a factura se expedirá contra a solicitude do servizo ou cando a concesionaria houbera realizado a actividade que da lugar á obriga de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do aboado ou usuario.

9.4 Os importes facturados deberán satisfacerse no prazo de dous meses dende a aprobación da facturación. O retraso determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable dende o día seguinte a finalización do período voluntario.

9.5. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:

a) Para os obrigados ao pago que domiciliaran o pago das mesmas, mediante cargo bancario na conta da entidade bancaria que sinalaran ao efecto.

b) Para os obrigados ao pago que non domiciliaran o pago das mesmas ou que tendo feito, por calquera causa non tivera satisfeita a débeda, nas oficinas colaboradoras, ou ben a través da Oficina Virtual aloxada no sitio web www.viaqua.gal.

9.6 As facturas non satisfeitas no período voluntario reclamaranse por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter constancia de forma fidedigna da recepción. Transcorridos 6 meses dende a finalización do período voluntario a cantidade a pagar verase incrementada polo xuro por mora. No suposto de rechazo da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago, se especificarán as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite, quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministro, previa

consulta cos servizos sociais Municipais, para evitar o corte de subministro a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica

9.7. No caso no que por erro a concesionaria facturara cantidades inferiores as debidas poderá acordar co usuario o prazo de pago.

Artigo 10.- FACULTADE DE INSPECCIÓN.

10.1. Os inspectores autorizados estarán facultados, aos efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar fincas e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando si existe algunha irregularidade.

Terán a consideración de consumos clandestinos os que no preceptivo contrato ou póliza de aboado ou, no seu caso sen a correspondente autorización da concesionaria, e conseguinte pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilidades ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente ordenanza.

Os actos clandestinos ou calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión do subministro e prestación dos servizos, ser prexuízo das accións legais que poidan corresponder.

Con independencia do anterior, o usuario clandestino verase obrigado a aboar o importe do servizo disposto e non pagado, do que se houbera beneficiado polos servizos que corresponderá, conforme á liquidación que se practique pola concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.

DISPOSICIÓN FINAL.

1.- A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

2.-As referencias existentes na documentación contractual á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos de complementarios entenderáse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, trala súa entrada en vigor.

3.- Excepcionalmente e para o suposto de que a presente ordenanza ou a súa posible modificación, pola data de tramitación, entre en vigor con posterioridade ao día 1 de xaneiro do ano de aplicación, o momento do devengo retrasase e coincidirá co día primeiro do trimestre natural seguinte.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria, quedará derrogada a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 26 de febreiro de 2016, así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiro e depuración de augas residuais.

Viveiro, 27 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4204

Anuncio

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións durante o período de exposición ao público, Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 261 de 12 novembro de 2024, o acordo adoptado polo pleno do Concello de Viveiro en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024 no que se aprobou provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais núm. 1, núm. 2 e núm. 24, procédese á publicación íntegra dos textos de ditas ordenanzas, segundo o disposto no artigo 17, do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 1

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1. O feito impoñible do Imposto sobre Bens Inmobles constitúe a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos

b) dun dereito real de superficie

c) dun dereito real de usufructo

d) do dereito real de propiedade.

2.- A realización do feito impoñible que corresponda, dos definidos no apartado anterior polo orden establecido, determinará a non suxeición do inmobles ás restantes modalidades previstas no mesmo. Nos inmobles de características especiais aplicárase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible nos esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

3.- Terán a consideración de bens inmobles urbanos ou rústicos os situados en solo de natureza urbana ou rústica respectivamente.

4.- Enténdese por solo de natureza urbana:

- O clasificado polo planeamento urbanístico coma urbano

- O que teña a consideración de urbanizable e estea incluído en sectores así como o resto do solo clasificado como urbanizable a partires do momento da aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva.

- O solo xa transformado por contar, como mínimo, con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica ou por estar consolidado pola edificación na forma e coas características que estableza a lexislación urbanística.

Considéranse tamén de natureza urbana aqueles solos nos que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes aos anteriores segundo a lexislación autonómica.

5.- Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana de acordo ó disposto no apartado anterior, nin estea integrado nun ben inmovible de características especiais.

6.- Consideranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos grupos seguintes:

a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.

b) As represas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito, agás as destinadas exclusivamente á rega.

c) As autoestradas, estradas e túneis de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

E elo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de Abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

7.- Os bens inmobles de características especiais que o 1 de xaneiro de 2003 consten no padrón catastral conforme á súa anterior natureza, manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando proceda, así como o réxime de valoración.

A incorporación do resto dos inmobles que, conforme á lei do Catastro Inmobiliario teñan a condición de bens inmobles de características especiais, farase antes do 31 de decembro de 2005.

8.- Nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral que a Dirección Xeral do Catastro inicie a partires do 1 de xaneiro de 2003, será de aplicación a clasificación de bens definida nos apartados 3,4,5 e 6 anteriores, coa excepción das construcións localizadas en solo rústico, que conservarán a súa natureza, conforme o establecido no apartado 6.b). Todo elo en concordancia co que respecto da clasificación de bens inmobles establece a normativa do Catastro Inmobiliario.

9.- A clasificación de bens inmobles rústicos e urbanos descrita nos apartados anteriores, terá efectividade dende o 1 de xaneiro de 2006. Ata aquela data, os bens inmobles que figuren ou que se dean de alta no Catastro Inmobiliario terán a natureza que lles correspondería conforme á normativa anterior, sendo as súas particularidades as que se detallan de seguido:

a) Son de natureza urbana:

- Os solos ós que se refire o apartado 4 e tamén os terreos que se fraccionen infrinxindo o disposto na lexislación agraria, sempre que o dito fraccionamento desvirtúe o seu uso agrario.

- As construcións situadas en solos de natureza urbana, ou nos terreos de natureza rústica que non sexan indispensables para o desenrolo das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

b) Son de natureza rústica:

- Os terreos que non teñan a consideración de urbanos conforme ó disposto na letra a) do presente apartado.

- As construcións de natureza rústica, entendendo por tales os edificios e instalacións de carácter agrario que, situados nos terreos de natureza rústica, sexan indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras o forestais.

7.- Non están suxeitos ó imposto:

a) as estradas, camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e de balde.

b) Os seguintes bens inmoables propiedade deste Concello:

- Os de dominio público afectos a un uso público

- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, agás cando se trate de inmoables cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 2.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así coma as herdanzas xacentes, comunidades de bens e outras entidades que, sen personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que ostenten a titularidade dun dereito constitutivo do feito imponible do imposto, nos termos previstos no apartado a do artigo 1 desta Ordenanza.

No caso de bens inmoables de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmoable directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmoables de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo ou Ente ou Organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do Texto Refundido de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na súa redacción dada pola lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

2. Os contribuíntes ou os substitutos dos contribuíntes poderán repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

3. As Administracións Públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou concesionario do dereito do uso.

4. Os suxeitos pasivos que residan no extranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, estarán obrigados a nomear un representante con domicilio no territorio español, aos efectos das súas relacións coa Facenda Pública.

Artigo 3.- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e outras entidades que, sen personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario.

3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se les teña adxudicado.

4. Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se tivera cometido unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se tivera cometido unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cesamento.

5. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

6. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible do imposto, os bens inmoables obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria que estea pendente de pago na data da transmisión do dereito.

As cotas esixibles ó adquirente son as correspondentes ós exercicios non prescritos. Entenderase que non prescribiron para o novo titular, como sucesor do anterior suxeito pasivo, as débedas do imposto sobre bens inmoables que tampouco prescribiran para este último.

7. Para os efectos do previsto no apartado anterior, os notarios solicitarán información e avisarán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmóbles asociadas ós inmóbles que se transmiten.

8. O procedemento para esixir ó adquirente o pagamento das cotas tributarias pendentes, ó que se refire o punto 6, precisa de acto administrativo de declaración da afección e requirimento de pagamento ó actual propietario.

9. Nos supostos de concorrencia de dous ou máis titulares no feito imponible, responderán solidariamente do pagamento do imposto ó abeiro do previsto no artigo 34 da Lei Xeral Tributaria. Polo tanto, o órgano xestor poderá esixir o cumprimento da obriga a calquera dos obrigados.

Artigo 4.- EXENCIONES

1.- Gozarán de exención os seguintes bens:

a) aqueles que, sendo de propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, estean directamente afectos á defensa nacional, a seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común

c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos.

d) Os da Cruz Vermella española

e) Os inmóbles ós que lles sexa de aplicación a exención por razón de convenios internacionais

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cando o seu principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza.

g) Os ocupados por liñas de camiños de ferro e os edificios destinados a servizos indispensables para a explotación das mencionadas liñas.

h) Os bens inmóbles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, no tocante á superficie afectada ó ensino concertado, sempre que o titular catastral coincida co titular da actividade.

i) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, consonte a normativa vixente no momento do devengo do imposto.

j) Aqueles que, sen estaren comprendidos nos apartados anteriores, cumpren as condicións establecidas no artigo 63 da Lei 39/88 de 28 de decembro.

k) Os bens inmóbles dos que sexan titulares, nos termos que establece o artigo 2 desta Ordenanza, as entidades non lucrativas definidas na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, agás os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades.

A aplicación da exención na cota deste imposto estará condicionada a que as entidades sen fins lucrativos comuniquen ó Concello que se acollen ó réxime fiscal especial establecido para tales entidades.

Exercitada a opción, a entidade desfrutará da exención nos períodos impositivos seguintes, mentres manteñan os requisitos para seren consideradas entidades sen fins lucrativos, e non se renuncie á aplicación do réxime fiscal especial.

O desfrute das exencións dos apartados h), j), k) precisará que o suxeito pasivo as tivera solicitado antes de que a liquidación adquiera firmeza. Na solicitude deberase acreditar o cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención

2. Desfrutarán de exención os seguintes inmóbles:

a) Os urbanos, cando a cota líquida sexa inferior a 5 euros.

b) Os rústicos, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no Municipio, sexa inferior a 7 euros. No caso de que o pago da cota se tivese fraccionado, o límite dos apartados anteriores refírese ó importe da cota anual.

3. Gozarán de exención os inmóbles destinados a centros sanitarios, cando a titularidade corresponda ó Estado, á Comunidade Autónoma ou ás Entidades locais e pertenczan a unha ou varias das categorías seguintes:

a) hospital público xestionado pola Seguridade Social

b) hospital público que ofrezca algúns servizos de balde

- c) centros de asistencia primaria, de acceso xeral
- d) garaxe das ambulancias pertencentes ós centros que gozan de exención.

Para desfrutar desta exención, será preciso solicitala, acompañando os seguintes documentos:

Copia do recibo anual do IBI, ou de documento que permita identificar de xeito indubidable a localización e descrición do ben inmovible, incluída a referencia catastral.

Informe técnico sobre a dotación, equipamento e estado de conservación das instalacións, que permitan prestar un servizo sanitario de calidade.

Os efectos da concesión de exencións comeza a partires do exercicio seguinte á data da solicitude, e non pode ter carácter retroactivo.

Artigo 5. BONIFICACIÓNS

1.1.- Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto os inmoibles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria e non figuren entre os ben do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras, ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para desfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o que se fará presentando os estatutos da sociedade
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do ultimo balance presentado diante da AEAT, ós efectos do imposto sobre Sociedades.
- c) A solicitude da bonificación debese formular antes do inicio das obras. Deberá aportar fotocopia da licenza de obras ou do documento que acredite a súa solicitude perante o Concello. Tamén acreditará a data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, mediante certificación do Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
- d) Copia do recibo anual do IBI ou de documento que permita identificar de xeito indubidable a localización e a descrición do ben inmovible, incluída a referencia catastral.

1.2.- As vivendas de protección oficial desfrutarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de 3 anos, contados dende o exercicio seguinte ó de outorgamento da cualificación definitiva, e previa petición do interesado, debendo xustificar a titularidade mediante escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade.

A bonificación concederáse a pedimento do interesado, e poderá facer en calquera momento

anterior ó remate do período de duración da mesma e producirá os seus efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite

1.3 Gozarán dunha bonificación do 95% na cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/90, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal de cooperativas.

1.4.Gozarán dunha bonificación de ata o 80 % da cota íntegra do imposto a favor de inmoibles urbanos en que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento del emprego, corresponderá dita declaración, previo informe do servizos económicos, ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aqueloutros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A porcentaxe da cota que se bonificará, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

- a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.
- b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.
- c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

Esta bonificación manterase, para cada suxeito pasivo, para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito imponible.

2.- As bonificacións establecidas nos apartados 1.1 e 1.2 non son acumulables.

Cando, para un mesmo exercicio e suxeito pasivo, concorran os requisitos para o seu desfrute, se aplicará a bonificación maior contía.

O desfrute das bonificacións anteriores e incompatible coas bonificacións establecidas nos apartados 3.2 e 3.3 do presente artigo.

3.1. Durante os dous exercicios seguintes ó do remate do prazo de tres anos definido no apartado 1.2 deste artigo, desfrutarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto as vivendas de protección oficial, cando os propietarios acrediten, dentro do último ano de desfrute da bonificación indicada, que os ingresos familiares imputados na última declaración do IRPF non excedían de 4,5 veces o salario mínimo interprofesional e se acredite o mantemento na titularidade do inmovible e que este constitúe a residencia do titular.

3.2. Os suxeitos pasivos que, conforme a normativa vixente, ostenten a condición de titulares de familia numerosa na data do devengo do imposto, terán dereito ás seguintes bonificacións na cota íntegra do mesmo, sempre que o inmovible do que se trate constituía a vivenda habitual da familia

Categoría de familia numerosa	% bonificación si valor catastral menor ou igual que 70.000.- €uros	% bonificación si valor catastral entre 70.000 e 100.000.- €uros	% bonificación si valor catastral maior de 100.000.- €uros
1ª	35 %	20 %	5 %
2ª	45 %	30 %	15 %
Honor	55 %	40 %	25 %

Enténdese por vivenda habitual aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo no padrón municipal de habitantes.

Para desfrutar da bonificación, deberá presentarse perante a facenda municipal a seguinte documentación:

- Título vixente de familia numerosa, expedido pola Administración competente
- Certificado de empadramento ou documento que acredite que tódolos membros da familia que constan no título de familia numerosa están empadroados no domicilio familiar
- Copia do recibo anual do IBI, ou de documento que permita identificar de xeito indubidable a localización e descrición do ben inmovible, incluída a referencia catastral.

Esta bonificación, que terá carácter rogado, concederase polo período de vixencia do título de familia numerosa e manterase mentres non varíen as circunstancias familiares

Os contribuíntes deberán comunicar calquera modificación ó Concello. A bonificación poderase solicitar ata o 30 de novembro do exercicio inmediato anterior a aquel no que deba ter efectividade, sen que poida ter carácter retroactivo.

Artigo 6.- BASE IMPOÑIBLE E BASE LIQUIDABLE

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmovibles.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito previstos na lei reguladora das facendas locais e na lei co catastro inmobiliario.

A base imponible dos bens inmovibles de características especiais non terá dedución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por lei 16/2007.

2. A base liquidable será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

3. A determinación da base liquidable, nos procedementos de valoración colectiva, é competencia da Xerencia Territorial do Catastro e será recorrible perante o Tribunal Económico-Administrativo competente.

4. O Concello determinará a base liquidable cando a base imponible resulte da tramitación dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, subsanación de discrepancias e inspección catastral. Nestes casos, a base liquidable poderá notificarse xunto coa liquidación tributaria correspondente.

5. Nos inmovibles nos que o valor catastral se tivera incrementado como consecuencia de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, a redución aplicarase durante nove anos a contar dende a entrega en vigor dos novos valores, segundo se determina nos apartados seguintes.

Esta redución aplicarase de oficio non sendo precisa a solicitude dos suxeitos pasivos do imposto.

A contía da redución, que decrecerá anualmente, será o resultado de aplicar un coeficiente redutor, único para tódolos inmobles do municipio, a un compoñente individual da redución calculado para cada inmovle.

O coeficiente redutor terá o valor de 0,9 o primeiro ano da súa aplicación e irá diminuindo en 0,1 anualmente ata a súa desaparición. O compoñente individual da redución será a diferenza positiva entre o novo valor catastral asignado ó inmovle e a base liquidable do exercicio inmediatamente anterior á entrada en vigor daquel.

6. O valor base será o que se indica a continuación en cada un dos seguintes casos:

a) para aqueles inmobles nos que, téndose producido alteracións susceptibles de inscrición catastral previamente á modificación do planeamento ou ó 1 de xaneiro do ano anterior á entrada en vigor das ponencias de valores, non se teña modificado o seu valor catastral no momento da aprobación das mesmas, o valor base será o importe da base liquidable que, de acordo coas alteracións mencionadas, corresponda ó exercicio inmediato anterior á entrada en vigor dos novos valores catastrais.

b) Aqueles inmobles ós que se lles altere o valor catastral antes de finalizar o prazo de redución a consecuencia de procedementos de inscrición catastral mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, subsanación de discrepancias e inspección catastral, o valor base será o resultado de multiplicar o novo valor catastral polo incremento medio de valor do municipio, determinado pola Dirección Xeral do Catastro.

Nestes casos non se iniciará o cómputo dun novo período de redución e o coeficiente redutor aplicado ós inmobles afectados tomará o valor correspondente ó resto dos inmobles do municipio.

c) O compoñente individual, no caso de modificación de valores catastrais producidos como consecuencia dos procedementos de valoración colectiva previstos na normativa catastral, agás os de carácter xeral, que teñan lugar antes de rematar o prazo de redución, será, en cada ano, a diferenza positiva entre o novo valor catastral e o seu valor base. A dita diferenza dividirase polo último coeficiente redutor aplicado.

O valor base antedito será a base liquidable do ano anterior á entrada en vigor do novo valor, sempre que os inmobles conserven a súa anterior clasificación.

No caso de que os inmobles sexan valorados coma bens de clase diferente da que tiñan, o valor base calcularase conforme ó disposto no parágrafo b) anterior.

7. No caso de modificación de valores catastrais que afecte á totalidade dos inmobles, o período de redución concluirá anticipadamente e extinguirase o dereito á aplicación da redución pendente.

8. A redución establecida neste artigo non se aplicará respecto do incremento da base imponible dos inmobles que resulte da actualización dos seus valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas leis de presupostos xerais do Estado.

9. Nos bens inmobles clasificados como de características especiais non se aplicarán reducións na base imponible para o efecto de determinar a base liquidable do imposto.

Artigo 7.- TIPO DE GRAVAME E COTA

1. O tipo de gravame será o 0,72% cando se trate de bens urbanos o 0,83% cando se trate de bens rústicos e o 1,3% para todos os grupos de bens inmobles de características especiais.

2. A cota íntegra do imposto é o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

O Concello poderá agrupar nun só documento de cobro tódalas cotas relativas a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitios no municipio da imposición.

Artigo 8.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DO IMPOSTO

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. O imposto devengase o primeiro día do ano

3. Os feitos, actos e negocios que, conforme ó previsto no artigo 9 desta Ordenanza, deban ser obxecto de declaración, comunicación ou solicitude, terán efectividade no exercicio inmediato seguinte a aquel no que se produciron, con independencia do momento no que se notifiquen. Cando o Concello coñeza unha modificación de valor catastral respecto ó que figura no seu padrón, orixinado por algún dos feitos, actos ou negocios mencionados anteriormente, liquidará o IBI, se procede, na data na que a Xerencia Territorial do Catastro notifique o novo valor catastral. A liquidación do imposto abranguerá a cota correspondente ós exercicios devengados e non prescritos, entendendo por tales os comprendidos entre o seguinte ó exercicio no que ten lugar a modificación catastral e o exercicio no que se liquide

De selo caso, deducirase da liquidación correspondente a cota satisfeita por IBI en razón doutra configuración do inmovle diferente da que tivo realidade.

4. Nos procedementos de valoración colectiva, os valores catastrais modificados terán efectividade o día un de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a súa notificación

Artigo 9.- RÉXIME DE DECLARACIÓNS, COMUNICACIÓNS E SOLICITUDES

1. Os suxeitos pasivos que sexan titulares dos dereitos constitutivos do feito imponible do imposto, a que se refire o artigo 1 desta ordenanza, están obrigados a declarar as circunstancias determinantes da alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles, agás nos supostos de comunicación ou de solicitude previstos nos apartados seguintes.

2. Serán obxecto de declaración ou comunicación, segundo corresponda, os seguintes feitos, actos ou negocios:

a) A realización de novas construcións e a ampliación, rehabilitación, demolición ou derrubamento das xa existentes, tanto sexa parcial coma total. Non terán esa consideración as obras ou reparacións que teñan por obxecto a mera conservación e mantemento dos edificios, e as que afecten tan só a características ornamentais ou decorativas.

b) A modificación de uso ou destino e os cambios de clase de cultivo ou aproveitamento.

c) A segregación, división, agregación e agrupación dos bens inmobles

d) A adquisición da propiedade por calquera título, así como a súa consolidación.

e) A constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa e dos dereitos reais de usufructo e de superficie

f) As variacións na composición interna ou na cota de participación dos copropietarios, ou os cotitulares das entidades do artigo 33 la Lei Xeral Tributaria.

3. Poderán presentarse perante o Concello ou o Catastro as seguintes solicitudes:

a) Solicitude de baixa, que poderá formular aquel que, figurando como titular, cesara no dereito que orixinou aquela titularidade.

b) Solicitude de incorporación de titularidade, que poderá formular o propietario dun ben afecto a unha concesión administrativa, ou gravado por un dereito real de superficie ou de usufructo

c) Solicitude de incorporación de cotitulares cando resulte procedente.

Artigo 10. ACTUACIÓNS POR DELEGACIÓN.

1. As declaracións, comunicacións e solicitudes poderanse presentar no Concello, nos termos do Convenio subscrito co Catastro.

2. As declaracións de alta presentaranse no Catastro ou no Concello, acompañadas da documentación regulamentaria precisa para a asignación de valor catastral. No caso de presentarse no Concello, os técnicos municipais realizarán as tarefas que lles competen por virtude do Convenio de colaboración subscrito co Catastro e trasladarán o resultado das mesmas á Xerencia Territorial no formato establecido por ésta.

3. As declaracións de modificación de titularidade xurídica do ben poderanse presentar ante o Concello, acompañadas de copia da escritura pública que formaliza a transmisión.

4. Cando a transmisión de dominio se formalice en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses dende o acto translativo do dominio, o interesado quedará eximido da súa obriga de presentar a declaración, se se acredita a referencia catastral.

5. Se o Concello coñece a modificación de titularidade por ter obtido información de Notarios ou no Rexistro da Propiedade, ou ben porque o interesado presentara declaración, modificará a súa base de datos e, no formato establecido, trasladará as variacións ó Catastro.

Artigo 11.- RÉXIME DE LIQUIDACIÓN

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello e comprenderán as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.

2. As solicitudes para acollerse ós beneficios fiscais de carácter rogado previstos nesta Ordenanza, haberán de presentarse perante o Concello, acreditando as circunstancias que fundamentan a solicitude.

3. As liquidacións tributarias serán practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores-recibo coma as liquidacións por ingreso directo.

4. Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos en que, levándose a cabo un procedemento de valoración colectiva, se practicasen previamente as notificacións do valor catastral e base liquidable.

Unha vez transcorrido o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen que se utilizaran os recursos pertinentes, entenderanse consentidas e firmes as bases impositivas e liquidables notificadas, sen que poidan ser obxecto de nova impugnación ó procederse á exacción anual do imposto.

Artigo 12.- RÉXIME DE INGRESO

1.O período de cobro para os valores-recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase públicamente.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo vixente Regulamento Xeral de Recadación, que son:

- a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte
- b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

2. Transcorridos os períodos de pago voluntario descritos nos apartados anteriores sen que a débeda se tivera satisfeito, iniciarase o período executivo, que comporta o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10% cando a débeda se ingrese antes de se notificar ó debedor a providencia de apremio.

Artigo 13.- IMPUGNACIÓN DOS ACTOS DE XESTIÓN DO IMPOSTO

1. Os actos ditados polo Catastro, obxecto de notificación, poderán ser recorridos en vía económico-administrativa sen que a interposición da reclamación suspenda a súa executividade, agás que excepcionalmente se acorde a suspensión polo Tribunal Económico-Administrativo competente, cando así o solicite o interesado e xustifique que a súa execución pode causar danos de imposible ou difícil reparación.

2. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación expresa ou ó da finalización do período de exposición pública dos padróns correspondentes.

3. Contra os actos de determinación da base liquidable nos supostos que corresponde tal función ó Concello, conforme ó previsto no artigo 6.4 desta Ordenanza, pódese interpor o recurso de reposición previsto no apartado anterior.

4. A interposición do recurso de reposición ante o Concello non suspende a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestar algunha, ou ben demostre de xeito fidedigno a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

5. Contra a denegación do recurso de reposición pódese interpor recurso contencioso-administrativo nos prazos seguintes:

- a) Se a resolución fora expresa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación do acordo resolutorio do recurso de reposición
- b) Se non houbera resolución expresa, no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que teña que entenderse desestimado o recurso de reposición.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten ós elementos deste imposto, ou a materias tributarias aquí reguladas, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Os suxeitos pasivos do IBI titulares do inmovible suxeito á bonificación por familia numerosa terán un prazo para solicitala que irá del 1 de xaneiro ao 1 de abril do período impositivo ao que vaia a aplicarse a bonificación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Para o ano 2004, por ser o primeiro exercicio de aplicación, poderanse solicitar ata o ultimo día do período de pago voluntario as bonificacións previstas no artigo 5, apartados 1.2 (vivendas de protección oficial)e 3.2 (por familia numerosa).

Nestes casos, a concesión da bonificación terá efectos no mesmo ano 2004 e levará consigo o recoñecemento do dereito á devolución do exceso ingresado, aboándose o importe na conta bancaria que para o efecto sinale o suxeito pasivo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

1. Os beneficios fiscais no Imposto sobre Bens Inmóbiles recoñecidos con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003, manteranse sen que, no caso de que teñan carácter rogado, sexa necesaria a súa solicitude.
2. As exencións concedidas polo Concello, ó abeiro da Lei 30/94, de 24 de novembro, de Fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, manterán a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2004.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, foi modificada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 6 de novembro de 2024, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA NÚM. 2**IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS****Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 100 a 103 do RD Lexislativo 002/2004 de 5de Marzo, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexirá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúeo a realización no termo municipal de Viveiro, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licencia de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licencia, ou para a que se eixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.- A estes efectos enténdese por construción, instalación ou obra as seguintes:

- a) Construción de toda clase de edificacións e instalacións de nova planta.
- b) Derrubamentos.
- c) Obras que afecten ó interior ou exterior dos edificios.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) As de fontanería e da rede de sumidoiros.
- f) As que se realicen en cemiterios.
- g) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licencia de obra o urbanística.

3.- Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licencia aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, co cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ó interesado.

Artigo 3º. SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas. Os efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporte os gastos ou custos que comporte a súa realización.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen solicite as correspondentes licencias, ou presenten as declaracións responsables ou comunicacións previas, ou realice as construcións, instalacións ou obras .

3.- O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita

Artigo 4º. EXENCIONES

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

A concesión ou denegación da exención será efectuada pola Comisión de Goberno, previo informe dos servizos económicos.

Tamén están exentas, como indica a O.M. de 5 de Xuño de 2001, a Santa Sede, a Conferencia Episcopal, as Dióceses, as Parroquias e outras circunscricións territoriais, as Ordes e Congregacións Relixiosas e os Institutos de Vida Consagrada, as súas provincias e as súas casas.

Artigo 5º. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 6º. TIPO DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA

1.- A cota íntegra do imposto se obterá de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 1,50 %.

2.- A cota líquida do Imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar a cota as bonificacións que se establecen no artigo 8º desta Ordenanza

Artigo 7º. OBRIGA DE CONTRIBUÍR

1.- A obriga de contribuír nace no intre de se comeza a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenzia que proceda.

2.- Os efectos de este Imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenzia municipal, no momento no que sexa retirada a devandita licenzia polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Comisión de goberno

Artigo 8º. BONIFICACIÓNS

1. Beneficiaranse dunha bonificación na cota do 90% do importe do Imposto:

a) As obras de rehabilitación incluídas nos convenios presentes ou futuros que, para actuacións na área de rehabilitación do Centro Histórico de Viveiro, se formalicen entre este Concello e outras Administracións públicas.

b) As obras de rehabilitación que se realicen para a localización de empresas comerciais, artesanais, hoteleiras ou de servizos na área de Rehabilitación do Centro Histórico de Viveiro.

A dita bonificación estará condicionada a creación ou nova localización da empresa, debendo permanecer en funcionamento durante un prazo mínimo de tres anos na edificación rehabilitada de acordo coas normas do PEPRI do centro histórico que estea en vigor no momento de outorgar a correspondente autorización.

No caso de incumprimento das condicións anteriores procederase a unha liquidación polo importe bonificado.

c) As obras de rehabilitación e conservación incluídas no Plan especial de protección e reforma interior, do contorno do Convento de Valdeflores.

2. Aplicarase unha bonificación de ata o 95% sobre a cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego.

A porcentaxe da cota que se bonificará no caso que concorran circunstancias de fomento do emprego, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.

b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.

c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

A bonificación prevista no presente apartado será así mesmo susceptible de aplicación a aquelas construcións, instalacións ou obras que estean localizadas nos futuros PEPRI de Celeiro e Covas, sempre que as mesmas empreguen os materiais e respeten os volumes, tipoloxía construtiva e demais características propias das construcións da zona. A concesión desta bonificación corresponderá ó Pleno da Corporación e en ningún caso excederá do 90% sobre a cota do imposto, debéndose solicitar polo interesado, quen aportará a documentación acreditativa do cumprimento das anteriores esixencias.

3.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo . A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor conteñan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licencia, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor 4.- Establécese unha bonificación do 30 % a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial Para o desfrute da mesma, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licencia, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

5.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.

Para a aplicación desta bonificación será necesario que os proxectos de obras contemplan explicitamente medidas adicionais ás establecidas como obrigatorias e mínimas na normativa Autonómica ó efecto.

6.- As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) solicitude do interesado

b) informe do Servizo de urbanismo nos apartados tres e cinco deste artigo, informe dos Servizos municipais correspondentes no apartado dous deste artigo e, en todo caso, informe dos Servizo económicos do Concello

c) acordo da Comisión de Goberno e, no seu caso, do Pleno.

7.- As solicitudes de bonificacións contidas neste artigo se deberán presentar coincidindo coa solicitude das correspondentes licencias

Artigo 9º. NORMAS DE XESTIÓN

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo Imposto, no impreso habilitado ó efecto pola Administración municipal e a abonala en calquera entidade colaboradora autorizada cando se presente a declaración responsable o comunicación previa e, en todo caso, dentro do prazo máximo dun mes contado a partires do momento no que se inicie a construción, instalación ou obra, mesmo cando non fora solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licencia, sen que o pago realizado conleve ningún tipo de presunción ou acto declarativo de dereito a favor daqueles.

2.- O pago da autoliquidación presentada terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras

3.- Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modifica-la base impositiva a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ó suxeito pasivo a cantidade que resulte.

Para estes efectos, e no caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o presuposto, unha vez aceptada a modificación pola administración municipal, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, a autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición ós prazos , requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

4.- No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licencia ou caducara a licencia e sempre que non transcorrese o prazo de caducidade do dereito á devolución de ingresos indebidos.

Artigo 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, de 17 de Decembro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi modificada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 6 de novembro de 2024, estará en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NUMERO 24**REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS****Artigo 1º.- Fundamento**

O Concello de Viveiro, de conformidade co número 2 do artigo 15, apartado b) do número 1 do artigo 60 e os artigos 85 e 88 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, fai uso da facultade que lle confire a mesma, en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre actividades económicas, a exacción do cal rexerase ademais polo disposto na presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Coeficiente de situación

No exercicio das facultades concedidas polo artigo 88 da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, non se establece coeficiente de situación algún, polo que as cotas a satisfacer ó municipio serán as resultantes de aplicar ás cotas municipais o coeficiente de ponderación regulado no artigo articulo 87 da lei 39/88 de 28 de decembro.

Artigo 3º. Bonificacións

1. Establecerase unha bonificación de ata o 80% de la cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos en que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento del emprego,corresponderá dita declaración, previo informe do servizos económicos, ó Pleno da Corporación e acordarase polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A concesión da mesma será a solicitude do interesado e precisará informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

No caso de que concorran circunstancias de fomento do emprego se aplicará a bonificación no suposto da implantación de nova actividade económica ou empresarial, así como aqueloutros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego

A porcentaxe da cota que se bonificará, se determinará en función da creación de novos postos de traballo segundo os seguintes tramos:

- a) O 80 % pola creación de máis de vinte postos de traballo.
- b) O 75 % pola creación de entre once e vinte postos de traballo.
- c) O 50 % pola creación de ata dez postos de traballo.

Esta bonificación manterase, para cada suxeito pasivo,para os tres exercicios orzamentarios completos seguintes a aquel no que teña lugar o feito impoñible.

Artigo 4º. Data de aprobación e vixencia

Esta Ordenanza, aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 18 de novembro de 2003, e modificada na data 6 de novembro de 2024 e estará en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva e se manterá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Viveiro, 27 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4205

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ*Anuncio*

Aprobación da proposta do Tribunal dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022.

EXPTE. NÚM. 65/2022

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0028 de data 12 de maio de 2022 aprobando a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0088 de data 26 de decembro de 2022 onde se aprobaron as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm.299 de 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado o día 15 de outubro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0062 de data 17 de outubro de 2024 pola que se aprobou unha corrección de erros das anteditas bases.

Visto que en data 21/10/2024 publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 243.

Visto que se publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial do Estado o día 24 de outubro de 2024 e realizouse a publicación no Diario Oficial de Galicia o día 28 de outubro de 2024, núm. 208.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0074 de data 23 de novembro de 2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes e excluídos no proceso, así como o nombramento do Tribunal.

Vista a publicación do anuncio do listaxe de admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal no BOP da provincia de Lugo, núm. 274 o día 27 de novembro de 2024.

Vista a proposta de 28 de novembro do Tribunal Calificador da data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0078 de data 29 de novembro de 2024.

Vista a Acta do Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 de data 16 de decembro do tenor literal seguinte:

“[...]”

Comparecen os seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI
AGOSTIÑO REIGOSA LOMBAO	****500**
NANCY ANDION PENA	****822**
NOEMI BERTA GARCIA ABELARIAS	****934**

[...]

A continuación, e unha vez convocados telefónicamente os aspirantes, procédese en acto público á apertura dos sobres onde constan os datos persoais, non asistindo ao dito acto ningún dos aspirantes. Os datos resultantes son os que se detallan:

NÚMERO PLANTILLA	ASPIRANTE	DNI	RESPOSTAS			CALIFICACION FINAL
			CORRECTAS	EN BRANCO	INCORRECTAS	
HMA-148342	D. ^a NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**	25	0	5	24,25
HMA-148442	D. AGOSTIÑO REIGOSA LOMBAO	****500**	18	4	8	16,8
HMA-148642	NANCY ANDION PENA	****822**	23	1	6	22,1

[...]”

Vista a Acta do Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 de data 20 de decembro do tenor literal seguinte:

“[...]”

Comparecen os seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI
D ^a . NANCY ANDION PENA	****822**
D ^a . NOEMI BERTA GARCIA ABELARIAS	****934**

[...]

A continuación, procédese en acto público á apertura dos sobres onde constan os datos persoais, non asistindo ao dito acto ningún dos aspirantes. Os datos resultantes son os que se detallan:

NÚMERO PLANTILLA	ASPIRANTE	DNI	CALIFICACION FINAL
LNZ-028324	D ^a . NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**	18,80
LNZ-028532	D ^a . NANCY ANDION PENA	****822**	10,75

[...]

Concluídos os exercicios e debidamente cualificados, o Tribunal acorda aprobar aos seguintes opositores, coa seguinte orde de puntuación:

[...]

ASPIRANTE	DNI	FASE OPOSICIÓN		CALIFICACION FINAL FASE OPOSICIÓN
		1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	
D ^a . NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**	24,25	18,80	43,05
D ^a . NANCY ANDION PENA	****822**	22,1	10,75	No apto

[...]

As persoas aspirantes dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal na Oferta de Emprego Público de 2022 que non acreditaron o coñecemento do galego coa aportación xunto coa súa solicitude de participación do Celga II ou Celga IV, según o proceso para o que presentaron a súa solicitude e por tanto terán que realizar a proba que acredite dito coñecemento:

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUCTOR COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE UNHA PRAZA DE GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA: ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA:

Exentos por ter acreditado o coñecemento de galego.

[...]

Concluída a entrevista o resultado é o seguinte:

NOME E APELIDOS	DNI	APTO/NON APTO
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	APTO

[...]

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUCTOR COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30

D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	70	0	70
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA: ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 28 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 12 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 40 PUNTOS)
D. ^a NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**	15,98	12	27,98

[...]

Atendendo ao anterior o membros do Tribunal, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- Declarar aprobado e propoñer para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

SEGUNDO.- Declarar aprobado e propoñer o nomeamento como persoal funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. ^a NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**

“

Visto que na base oitava das bases xerais do proceso dispónse que finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador elevará a relación de aprobados, pola orde de puntuación acadado, con indicación do documento nacional de identidade na forma prevista legalmente para a protección dos datos de carácter persoal, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO, sede electrónica e na web da mancomunidade.

Visto que na base novena das bases xerais dispónse que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

a) No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes. ou descendentes do cónxuxe , de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea. de acordo con a base 2.1.a , deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo. de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo . No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala , subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ,o acceso á función pública .

d) Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica.

Por canto antecede,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

SEGUNDO.- Aprobar a proposta do Tribunal de nomeamento como persoal funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C1, escala: Administración Xeral, subescala: Administrativo, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D.ª NOEMÍ BERTA GARCÍA ABELAIRAS	****934**

TERCEIRO.- Notificar aos aspirantes propostos esta Resolución, e requerilos para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presenten a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado nas bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

CUARTO.- Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

QUINTO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que eu como Secretaria -Interventora, dou fe.

Cospeito, 27 de decembro de 2024.- Presidente, Don Armando Castosa Alvariño. Secretaria- Interventora, Dona Ana María Rubiera Álvarez.

R. 4208